



XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO

## COMITÉ DE APELACIÓN FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 2/ 2023

Solicitante: Rasoeiro BM

### **RESOLUCIÓN**

Visto o recurso de apelación presentado polo Club Rasoeiro BM, en data 03/03/2023, no que solicita a revogación dunha resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición na Acta 2223/20 ao xogador Omar Mosquera Mascato, por non estar de acordo coa redacción dos feitos na acta e as decisións arbitrais. Mediante a presente, procédese a resolver o recurso de apelación conforme os seguintes

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** En data 02/03/2023 o Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2223/20 acorda:

“2. SENIOR TERRITORIAL MASCULINO (JORNADA 16)

Sancionar al jugador OMAR MOSQUERA MASCATO del equipo CALMEAR RASOEIRO BM, con SUSPENSIÓN DE 2 ENCUENTROS OFICIALES, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 34.4 RRDg del Rgto. de Régimen Disciplinario, por desconsideración leve hacia las colegiadas, por reiterar hasta la saciedad sus comentarios relativos a la ineptitud e inutilidad para arbitrar de las colegiadas.”



**SEGUNDO.-** Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo. Cunha petición urxente de suspensión cautelar da sanción durante a pendencia da presente resolución, que foi resolta positivamente por este Comité, que concedeu a suspensión que agora mesmo levanta, deixandooa sen efecto.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.- Falta de proba en contra da resolución recorrida, impertinencia das comparativas ou correccións.**

O recurso sinla que non está de acordo coa redacción dos feitos por parte das colexiadas, pero en lugar de aportar proba en contra sinala a falta de concreción da acta con respecto a feitos distintos aos do obxecto de recurso, con respecto a anotación das exclusións, por exemplo.

Os clubs poden emitir queixas sobre as arbitaxes, o desacordo coas decisións técnicas do arbitraje, pero a ausencia de anotacións na acta que se alegan non teñen nada que ver coa resolución de sanción recorrida, este comité revisa as resolucións do Comité de competición, non as actas arbitrais, nin é quen de reprender a un árbitro mesmo cando se tivera equivocado, que non é o caso, nin a intención do dicente. Non entramos en cuestións que non se ciñen a resolucións do Comité Territorial de Competición e os recursos sobre elas.

Con respecto a resolución de sanción ao xogador Omar, o propio clube no recurso ten reconecido que o comportamento non é correcto. Suavizando logo isto con posibles condicionantes a súa actitude, que non podemos entrar a valorar porque en primeiro lugar non existe xustificación a comportamentos sancionables i en segundo lugar os erros de outro merecerán valoracións e sancións a maiores, pero non convalidan os comportamentos e infraccións do señor Mosquera.



XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO

Debemos deixar claro, que alegar outros posibles erros ou omisións da acta ou do arbitraje non obsta á veracidade da infracción cometida polo xogador sancionado, e por tanto, sen proba en contra e baseándonos na acta é correcta a interposición de sanción.

O Comité de Competición non sanciona arbitrariamente, dende o punto e parte que o fai apoiándose na Acta do partido. É unha proba válida, suficiente e ademáis forte pola presunción de veracidade da acta dos comportamentos da afección. As Actas son proba de cargo suficiente por sí soas, pois teñen presunción de veracidade, salvo proba en contrario.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

*“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”*

*“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”*

Dito isto, entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, e actúa correctamente impondo unha sanción, este Comité de Apelación ratifica esa decisión do Comité de Competición de dar veracidade a Acta e non habendo proba en contra no recurso senón máis ben un recoñecemento dun comportamento incorrecto, non procede revogar a decisión sancionatoria.

## **SEGUNDO.- Suspensión cautelar.**

Concedida no seu momento por este Comité a suspensión cautelar da sanción, deixase desde o momento da notificación da presente resolución sen efecto, debendo



XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO

o clube cumprir cos dous partidos de suspensión ao xogador Omar Mosquera Mascato.

## RESOLVE

**DESESTIMAR** o recurso interposto polo Club Rasoeiro BM, contra o acordo do Comité Territorial de Competición desta Federación de data 2 de marzo de 2023 (acta nº 2223/20), **CONFIRMANDO O ACORDO** polo que se sanciona ao xogador OMAR MOSQUERA MASCATO do equipo CALMEAR RASOEIRO BM, coa **SUSPENSIÓN DE 2 ENCONTROS OFICIAIS**, en aplicación do disposto no artigo 34.4 RRDg do Rgto. de Réxime Disciplinario.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 7 de marzo de 2023  
A Presidenta do Comité de Apelación  
Asdo. Laura González Solla